


CONVOCATORIA DE PRENSA

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN

“GALICIA ESCANDINAVA”

NO CONCELLO DE CATOIRA



Catoira, 17 de xullo de 2020.- A Fundación Carlos Casares, no marco das actividades do programa O teu Xacobeo, da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, organiza a exposición “*Galicia escandinava. O Camiño do Oeste a Santiago de Compostela*”. A inauguración *exposición*, na que colabora tamén a Fundación Penzol, terá lugar o luns 20 de xullo ás 12.30h Sala de Exposicións Luís Seoane (Edificio Multiusos) do Concello de Catoira. No acto estarán presentes o comisario da mostra, **Gustavo Adolfo Garrido**; o administrador da fundación **Håkan Olof Casares**; o alcalde de Catoira, **Alberto García** e o concelleiro de Cultura, **Daniel Touriño**.

A exposición ten o obxectivo de poñer en valor o fenómeno Xacobeo e a peregrinación escandinava a Santiago de Compostela, salientando a riqueza cultural, natural e humana desta vía de peregrinación que desemboca no Camiño Inglés. Para a Fundación, esta mostra ten un significado especial debido aos lazos que uniron a Carlos Casares con Suecia, a través da súa dona Kristina Berg, a nosa primeira presidenta.

Máis información: Fundación Carlos Casares / info@fundacioncarloscasares.org
Gustavo A. Garrido: 616.761.749 / galiciaescandinava@gmail.com
Web: fundacioncarloscasares.org/galiciaescandinava

INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN “GALICIA ESCANDINAVA”

Data: 20 de xullo de 2020.

Hora: 12:30 horas.


Lugar: Sala de Exposicións Luís Seoane. Edificio Multiusos (Rúa do Concello, 1).

NOTA DE PRENSA

INAUGÚRASE A EXPOSICIÓN “GALICIA ESCANDINAVA” NO CONCELLO DE CATOIRA

A actividade, que forma parte do programa **O teu Xacobeo** da Xunta de Galicia, incide nas pegadas das culturas galega e escandinava en ambos os dous territorios

Catoira, 20 de xullo de 2020.- A Fundación Carlos Casares, dentro do marco de actividades desenvolvidas no programa O teu Xacobeo, da Xunta de Galicia, e grazas á colaboración do Concello de Catoira e mais a Fundación Penzol, inaugurou a exposición “Galicia escandinava. O Camiño do Oeste a Santiago de Compostela”. A inauguración tivo lugar o luns 20 de xullo ás 12:30 h na Sala de Exposicións Luís Seoane (Edificio Multiusos) do Concello de Catoira. No acto estiveron presentes o comisario da mostra, **Gustavo A. Garrido**, o administrador da fundación **Håkan Olof Casares**, o alcalde de Catoira, Alberto García, e o concelleiro de Cultura, Daniel Touriño. A exposición, con textos en galego, castelán e inglés permanecerá aberta entre o 20 de xullo e o 2 de agosto e está destinada a todos os públicos.



O eixe central da mostra é a relación dos Países Escandinavos: Suecia, Noruega, Dinamarca, e os seus antigos territorios (Islandia, Illas Feroé e Orcadas), con Galicia a través Camiño de Santiago. Explica a historia e o desenvolvemento das rutas xacobeas que cara a Compostela e amosa os fitos senlleiros do seu devir, dos puntos emblemáticos da súa xeografía, urdime de pasado e presente, e do seu patrimonio material e inmaterial. Tamén quere render unha sentida homenaxe á vida e obra dos hispanistas nórdicos que alumearon o universo xacobeo e a forxa da unidade cultural europea. A exposición bota as súas raíces nos traballos do medievalista **Vicente Almazán** (1924-2006), e no seu amor por Galicia.

Unha sección específica da páxina web da Fundación Carlos Casares, permitirá ampliar os coñecementos sobre os aspectos que se desenvolven na exposición, e a xente nova ten a disposición un “Busca-busca” no que xogar a atopar información.

Máis información: Fundación Carlos Casares / info@fundacioncarloscasares.org
Gustavo A. Garrido: 616.761.749 / galiciaescandinava@gmail.com
Web: fundacioncarloscasares.org/galiciaescandinava